

A SOBREIRA



MAIO 2013
C.E.I.P. MANUEL SUEIRO



Sumario

Páxinas

EDITORIAL.....	2
EN TU CIELO MI BARQUERO. Aula de música.....	3
MULLERES IMPORTANTES. Aula de apoio.....	4
O ARCO DAS FROITAS. Educación Infantil (3-4 anos).....	5
OS MAIOS. Educación infantil (5 anos).....	7
BANANIÑA EXPRES. 1º e 2º curso de Ed. Primaria.....	9
ENTREVISTA A SCOTT. 3º curso de Ed. Primaria.....	13
ROUPA TENDIDA. 4º curso de Ed. Primaria.....	16
SABÍAS QUE...? 5º curso de Ed. Primaria.....	19
O MEU PASO POLO COLEXIO. 6º curso de Ed. Primaria.....	20
O FOGAR DE LEO. Biblioteca.....	23
A ALEGRÍA DE COMPARTIR.....	25
A DISCÍPULOS DE XESÚS.....	26
O NOME DAS NOSAS RÚAS.....	27
DÍA DAS LETRAS GALEGAS ADICADO A ROBERTO VIDAL BOLAÑO.....	28
ENSINA AO TEU FILLO A DURMIR. Departamento de orientación.....	31
ALGUNHAS DAS NOSAS ACTIVIDADES.....	32
LEO, A MASCOTA DA NOSA BIBLIOTECA.....	34





EDITORIAL





Unha vez máis e dende fai 29 anos publícase no CEIP "MANUEL SUEIRO" o xornal *A SOBREIRA*, que ano tras ano deixa rexistrados feitos e datos cualitativos de gran interese educativo a través das actividades de nenos/as pertencentes a tan variadas xeracións, reflexadas nas súas fermosas páxinas, e dando fe da evolución producida tanto a nivel cultural como a nivel técnico. É así como se contempla na hemeroteca do Centro, que con tanto agarimo conservamos os exemplares e matrices de cada ano.

Hoxe, por segundo ano consecutivo, xa nos atrevemos a dar o paso definitivo á era dixital, e tentamos de explorar e aplicar as ferramentas con que cada día, este mundo máxico da informática –que xa forma parte da nosa vida cotiá– nos sorprende e proporciona.

Así pois, da man do profesorado do Centro, sae á luz o derradeiro número deste novo exemplar, que por sí mesmo xa se converteu nunha excelente seña de identidade do noso Centro.

Este editorial, vai por todos vós: compañeiras e compañeiros, mestras e mestres no marabilloso arte da educación; pola vosa colaboración, polo voso tesón, polo entusiasmo que transmitides no labor do día a día, por estar aí incondicionalmente ao servizo da comunidade educativa e sobre todo polo voso afecto e cariño hacia os nosos nenos/as.


GRACIAS, por facer posible que un ano máis o noso xornal sexa testigo da fermosa historia do noso colégio.




En tu cielo mi barquero




En tu cie - lo mi bar-que-ro re-may si - gue sin pa-tur



Tú ya sa - bes que te quie-ro Con-Deel cie-lo seha - ce mar



No ENCONTRO co poeta ANTONJO CAPJILA (23-02-13) os/as nenos/as recitaron poesías do seu libro "VIENTOS DEL SUR", fixeron cómics, e mesmo cantaron ao unísono "En tu cielo mi barquero, rema y sigue sin parar...", acompañándoa con salto de comba, xogo propio de patio de recreo.









¡¡ Qué ricas
e divertidas...



EDUCACIÓN INFANTIL 3-4 AÑOS

froitas



das!!





COPLAS SAUDABLES. MAIOS 2013.

Xa chegou o maio
e imos cantar
unhas cantas coplas
para facervos disfrutar.

Co noso colexio
imos comezar,
é un chisco pequeno
pero fenomenal.

O Manuel Sueiro
é unha gran escola,
por eso os nenos
sempre din que mola.

Este ano no colexio
Moitas cousas fixemos,
Ímosvos contar
Algunas que aprendemos.

Cociñeiros e froitas,
piratas e dentes,
andan moi revoltas
todas esas xentes.

Os nenos de infantil
foron de froitiñas,
mazás e fresóns
que boñíos son.

E á hora de xantar
nen doces nen chucherías,
o mellor para medrar
está nas froiterías.

As coplas deste ano
Chegan ao seu fin,
Esperamos que con elas
Vos poiderades divertir





BANANIÑA - EXPRÉS

Redactora-Xefa.

Queridos lectores:

Bananiña - Expres é un xornal de tirada local, que sae á luz pública grazas ao Primeiro Ciclo de Primaria do C.E.I.P "Manuel Sueiro" de Ourense.

Ten a súa sede central na urbanización "A Tomateira" e está integrado por excelentes profesionais do periodismo froiteiro de investigación. Bananas, Amorosos, Mazás e Laranxas compoñen o noso equipo.

po, aínda que cabe destacar a inestimable presenza de dúas becarias: Cereixa Plis e Banana Plas, que cobren con éxito todas as informacións.

Nestes tempos revoltos, con certo cheiro a podrido, compren reporteiros ariscados, que manteñan ben alta a liberdade da prensa.

SUMARIO

- Redacción
- Información nacional
- Anuncios por palabras
- Sociedade
- Espectáculos e Ocio
- Guía Médica

anuncios por palabras.



ALUGUER :

Apartamento con dous niños, coxina e servizo.
 Todo exterior. Conta con garaxe e trasteiro. Bodega con zumes.
 Urbanización Froiteira, nº 5



OFERTAS...


Preciso Platanos de Carnarias como comercial en Galicia de Xesdos de Froitas.
 Bo soldo e domingos libres. Vacacións en Invernadoiro.

AXENCIA
 PLATANO
 BALÚ

Piso de cen metros cadrados, amoblado, con amplas vistas ao bosque.

Pendurado das ramas, con tres niños. Escadeiras de palla. Fio musical coa música dos paxariños.

URBANIZACION FRESONS



- OFRÉCENSE

cereixas como bailarinas de discoteca.
 Redondas, doces e con boa presenza.

Non serven cereixas frocas

AXENCIA
 "TUTI - FRUTI"

INTERNACIONAL. EXPRES.

O noso corresponsal en "Bosquemar City", informa de varios casos de corrupción entre os amoregos.

Seguiremos informando.



NOTICIA DA REDACCIÓN:


polo río abaixo
corre unha sandía
vai moi asustada,
mollada e moi fría.
Polo río abaixo
iba unha sandía.



D. E. P


Onte finou Dña. Sandía
filla de Meloneiro.
A súa familia prega
unha oración. Grazas

todas as bananas
ían de paseo
pero as mazas verdes
tiñan moito medo.



NOTA DE SOCIEDADE

A Señorita Sandía Vermelha
casou onte á tarde co coñecido
presentador de T.V. MOROGO MADURO.
A noiva lucía un fermoso modelo
do deseñador ourensán
Melón Valverde.
Todos os convidados vestían
de rigurosa etiqueta.



EQUIPO DE REDACCIÓN : "Bananiña-Exprés"

ESPECTÁCULOS



STRAWBERRY THEATER

Saturday and Sunday

Tuesday and Friday

"FATAL FRUIT SALAD"

Starring: Brad "Pit" and "Appleina" Jolie



Directed by Pear "Almodóvar"

"PEACH FLIGHT"

Starring: "Lemon" Banderas and "Watermelon" Barrance




Directed by "Almond" Amenabar

NEXT COMING

"TomatoMinator"

Starring: "Apple" Schwarzenegger





ENTREVISTA A SCOTT

Este ano, no CEIP Manuel Sueiro, temos moita sorte xa que coñecemos a un mestre chegado dos Estados Unidos! Chámase Scott, é o mestre axudante da profe de inglés e ademais nos dá contidos en inglés na materia de Coñecemento do Medio.

Para coñecelo un pouquiño máis, os nenos e nenas de 3º realizámoslle unha pequena entrevista no que todos e cada un de nós lle preparamos unha pregunta para descubrir máis sobre Scott e o país de procedencia: os Estados Unidos.

As preguntas están realizadas en castelán para que as entendedera sen ningún problema. Así, nos quedou esta entrevista...

¿Playa o montaña?



La playa , ya que me relaja mucho.



¿Cuál es tu lugar favorito de Galicia?



Las Islas Cíes son un lugar maravilloso.



¿Cuál es tu lugar favorito en EE.UU?



El lugar que más me gusta es donde yo nací, Dakota del Sur. Es un lugar cercano y amable.



¿Cuál es tu cantante y canción favorita?



Me gusta el grupo Mumford and Sons y su canción "Strawberry swing".



Dinos que plato típico de Galicia te gusta más.



El pulpo .Me gusta sobre todo por el picante. ¡Que rico!



¿Cuál es el plato típico de tu país que más te gusta?



Allí comemos habitualmente barbacoa.



¿Qué lugar de USA nos recomendarías? ¿Por qué?



Pues la capital, Washington D.C. Es bonita, tiene muchos museos y edificios bellos.



¿Cómo es el lugar en donde vives?



En invierno hace mucho frío (13 grados bajo cero), en verano hace mucho calor. Habitan 20.000 personas que son bastante amables.



¿Conoces algún museo importante en U.S.A?



Mi favorito es el Smithsonian. Es en realidad un grupo de museos muy interesantes.



¿Qué echas de menos de los EE.UU.?



A mi familia y a mis amigos.



¿Qué carrera has estudiado?...

¿ En qué año has terminado?...



Estudí Historia y también Educación. Terminé mis estudios en el año 2012.






Estaba unha noite un pouco fea: primeiro chovía... despois comezou a nevar, a caeren raios e lóstregos... En definitiva, era unha noite desas nas que é mellor quedar na casa e esperar a que escampe.

A pesar do mal tempo no ceo podíase ver como voaba un trineo tirado por sete renos. O mais grande deles era *Rodolfo*, o líder do grupo, que se distinguía do resto pola *súa nariciña vermella* e polo seu andar fachendoso, orgulloso de todos os anos que levaba facendo o traballo que máis lle gustaba, o seu.

De súpeto, mentres Rodolfo e os seus compañeiros voaban polo ceo, escoitouse un ruído tan forte que se sentiu en todo o planeta e fixo que os gobernantes de todos os países se puxeran en contacto para averiguar a que se debía ese estrondo.

Pero ninguén sabía nada nin vira nada fóra do normal... Que acontecerá entón? Todos estaban moi intrigados pero ninguén atopaba a resposta.






Sen embargo aquí imos contar toda a verdade: o gran estrondo débérase a que *un lóstrego caera no trineo*, cargadiño de paquetes, que conducía *un señor de barba branca cuns quiliños de máis*.

Por mor do golpe algún renos quedaron feridos e deixaron de voar, comezaron a dar voltas e reviravoltas ata caeren no medio dun pantano, que despois das moitas chuvias caídas nos últimos meses tiña moita auga; preto dun bosque.

Os renos saíron enseguida nadando pero ao señor de barba branca custoulle un pouco máis, entre que lle pesaba a roupa mollada e que non fixera exercicio ultimamente

Finalmente conseguiu chegar á beira do pantano moi canso e morto de frío. Como estaba empapadiño decidiu que tería que secar a roupa antes de seguir co seu traballo.



Para conseguir secarse fixo unha fogueira, e de súpeto tivo unha idea: quizais nalgunha das caixas que levaba no trineo podía atopar algunha roupa para abrigarse mentres a súa secaba.

Comezou a buscar entre a morea de caixas e dentro dunha delas atopou o que buscaba: un xersei verde e un pantalón deses que usamos para ir correr. Rapidamente púxoos e cheo de ledicia dixo:



Que sorte teño!

Unha vez vestido chamou aos trasnos que o axudan durante todo o ano a fabricar eses agasallos que o noso protagonista deixa cada 24 DE DECEMBRO ao pé da árbore que colocamos nas nosas casas.



Os trasnos axudáronlle a arranxar todos os destrozos e mentres os renos recuperáronse.

Finalmente o señor da barba branca e cuns quiliños de máis puido entrar polas chemineas para deixar os agasallos aos NENOS E NENAS QUE SE PORTARON BEN TODO O ANO.



SABIÁS que...?

... as froitas e as hortaliñas máis guapo/a e forte?



... as froitas de cor laranxa broncean?



... as froitas e as hortaliñas seceen para combater a ola de calor?



... o tomate existe dende a época dos dinosaurios?



... un consumo abusivo e continuado de café, té e bebidas alcohólicas fai que o corpo non absorba, dende un 2% ata un 20%, o ferro necesario para estar sáns?

... comer a froita con pel é máis nutritivo?



... Son máis nutritivas as hortaliñas crás que as cocidas?



... é máis saudable tomar a froita antes de comer xa que, se se fai despois, o azucre que contén fermenta no estómago e chega ao fígado en forma de alcohol?

... no primeiro tratado médico Indio no ano 700 a.C. fala sobre os poderes medicinais da cebola, o cal indica que é boa para o corazón, a dixestión, os ollos e as articulacións?



Traballo de investigación. 5ºE.P.



A miña vida no meu colexio

O meu paso polo C.E.I.P. Manuel Sueiro foi moi importante. Empeciei con 3 anos cuns compañeiros que non coñecía de nada e que agora son moi importantes e non os cambiaría por nada do mundo. Tiven moitos profesores moi boas, e unha delas, de infantil, chámase Fibra. Outros profesores eran estrictos, mandábanos moitos deberes, e outras eran moi divertidas e mandábanos moitos deberes... En primeiro, empeciei ir ao comedor. Gustábame moito porque despois, á hora seguinte, podíamos xogar ao que quixeramos. En 4º curso veu unha profesora chamada Ana; estivo tres anos connosco. Ela non é unha profesora calquera, non se atopa en calquer sitio. Ela facía todo á vez, algunhas veces era estricta, outras divertida, mandábanos deberes: nin poucos nin moitos. Desde aquí moitísimas grazas por pasar tres anos maravillosos e inesquecibles do colexio. Dáme moita pena marchar porque aquí teño todos os recordos bonitos dos amigos, dos profesores e profesoras... Por outra parte... Quero marchar para crecer a máis xente... Pero, iso si! non quero estudar máis.

Sandra 6º

Mi paso por este colegio

Me paso por este colegio ha sido especial. Aquí he estado desde que era una erana, hasta ahora que hemos llegado a 6º de primaria. Cuando era pequeña, en mi clase éramos cinco: los mejores jugaja. Durante estos años, siempre estuvimos juntos. Nosotros nos llamamos el grupito: Andrea, Luis, Sandra, María y yo. En tercero vino Melli, mi mejor amigo. Ahora os voy hablar sobre los profesores. Cuando era pequeña, cuando llegué a este colegio, en la clase que yo iba estaba Elora: un encanto de persona y de profesora, como todas, claro. Otra tutora que tenemos en nuestro corazón es Ana; lleva unos cuantos años dándonos clase, aunque a veces nos quiere "tirar por la ventana" sé que nos quiere. También está nuestra teacher: Belar; gracias a ella vienen profesores nativos. Hay otro profesor que aprecio un montón: Alfonso que nos da Educación Física, tiene una paciencia ¡ufff!... como Mari-Carmen, que nos da Música.

Ahora os voy a hablar del lugar donde como, desde que iba en primero. Yo ya me tengo que ir despidiendo y también quiero mandar un saludo a nuestro exdirector Venerado y ha Zorra mi entrenador de balonmano. Ciao colegio, hasta luego amigos, hasta siempre profes.

Roth de 6º



O meu paso polo colexio

Eu estiven desde infantil no colexio C.E.I.P. Manuel Sueiro. Lémbrame do primeiro día; estaba chorando porque non quería entrar na clase; tiro que se quedar a miña avoa un pouco máis de tempo para calmarme. Recordo todos os profesores que pasaron polo colexio e que seguen agora. Unha das mellores profesoras que tiveron foi Flora; ensinárame a ler, a escribir e moitas outras cousas. En primeiro tiveron a Marisa que xa está xubilada. Buano en non me podo olvidar de Valentín, o profesor de inglés fai catro anos; Alfonso tamén foi un gran profesor de gimnasia. Montse foi a seguinte profesora que tiveron en segundo e terceiro. E por último a mellor profesora do mundo, Ana que estivo catro anos connosco e sempre estará no noso corazón como os demais profesores.

Quéreda, Manuel Sueiro.

Andrea 6^º

O meu paso polo colexio

Levo neste colexio desde infantil ata sexto de primaria. Iso significa moitas experiencias e moitos profesores. As que mellor recordo son: Flora, Ana, Pilar e Olga. Flora devome en infantil e foi una das mellores profesoras que me deron. Pilar dame inglés e é unha profesora exigente pero moi boa fai moitas actividades iso si, en inglés. Olga, é a profesora de relixión evanxélica e é a única que te espera nas escaleiras para darche os bos días. Ana, a miña profesora actual, é a mellor profesora do mundo; é exigente pero divertida e é a única profesora capaz de cambiar den tema a outra cousa totalmente distinta e botar uns trinta minutos a falar desa cousa.

Tiveron as mellores amizades, compañeiros e compañeiras do mundo. Aquelles inesquecibles son: Andrea, unha persoa moi diferente. Ruth, unha persoa boa e amable. Sandra, unha das miñas mellores amigas ten un carácter divertido igual que Andrea. María, unha persoa lista, sempre foi a máis lista da clase.

Nunca esqueceréi este colexio. Biquiños Luis de
6^º



O MEU PASO POLO COLEXIO

Este colexio será para min unha experiencia inesquecible. Paseino xeral coas profesoras e profesores que me deron algunha asignatura. Todas e todos foron moi especiais para min, pero coa que estiven o máis do tempo, tres anos, foi a miña profesora actual, Ana. Ela axudoume a madurar no hábito de estudo, pero non só a min, senón a toda a miña clase. Tiño unha influencia moi boa en min nestes tres últimos anos. Grazas a todas as profesoras que me ensiñaron a escribir, a ler, como a profesora Flora, e a falar inglés, como a profesora Pilar, e a nomear as notas musicais, como a directora actual, M^{ra} Carmen. Por suposto, nunca me esqueceré do colexio e dos meus compañeiros íntimos: Sandra, Ruth, Luís e Andrea. Os cinco estivemos aquí desde os tres anos.

María 6^o






O FOGAR DE LEO

Leo recibiu moitas
visitas no seu fogar
este curso: O Espírito
da Banda Deseñada,
Mortadelo, Tin Tin, Don
Libro, ...

Pero foi a chegada
do poeta andaluz **Anto-
nio Capilla** o que volveu
tolo a Leo alá polo mes



O noso Sueiriño II surcou
os mares da lectura coas súas
velas impulsadas por un "Viento
del Sur" morno e agarimoso.



Todos nós mergullámonos
na lectura dos poemas de
Antonio Capilla e
traballamos de xeitos
diversos o seu texto.





Transformar poemas en banda deseñada foi unha tarefa nova e a experiencia resultou moi gratificante. E non sabedes o divertido que foi elaborar un libro xigante!



E a tripulación do Sueiriño II, co seu capitán á cabeza, agasallaron a Antonio Capilla cun libro feito por tod@s os nen@s da escola, e tamén co seu doce favorito, a bica.

Mira que es lambón, Antonio.




Non podemos máis que berrar con agarimo:

GRAZAS ANTONIO CAPILLA!


(Sen esquecer a José Antonio Santos, que tanto nos axudou nesta actividade.)

A ALEGRÍA DE COMPARTIR


O día do aniversario de Carlos, os seus pais regálanlle o balón. Que contento estaba!



Pero que aburrido é xogar só!



Carlos comprende que compartir o seu balón é moito máis divertido!



Que descobre Carlos cando está só no parque? Que xoguetes compartes cos teus amigos? Como te sintes ao compartir?

♦ *Que alegría sentimos cando somos xenerosos! Debuxa cousas túas que poderías deixar aos teus amigos.*

♦ *Hai moitas maneiras de compartir. Elixes tres palabras e completa as frases.*

regalar

repartir

colaborar

ayudar

prestar

dar

Compartir é _____

Compartir é _____

Compartir é _____

♦ *Repaso e aprendo.*


Deus ama a quen dá con alegría.

II Corintios 9,7.

Ser xeneroso é compartir.

" OS DISCÍPULOS DE XESÚS "

Colorea as cousas importantes para seguir a Xesús




Escribe tres comportamentos da túa vida que puñan de manifesto que eres bo seguidor de Xesús.



O nome das nosas rúas: Pablo Iglesias

Pablo Iglesias Pose (n. El Ferro; 18 de outubro de 1850 - m. Madrid; 9 de decembro de 1925) foi un activista político español —de corte obreiro-socialista e sindicalista— que en tempos da Restauración Borbónica Alfonsina fundou o partido Partido Socialista Obreiro Español (PSOE), o sindicato “Unión General de Trabajadores (UGT)”, e o diario “El Socialista”, todos eles salpicados pola súa ideoloxía.



A rúa Pablo Iglesias co conservatorio á dereita.



DÍA DAS LETRAS GALEGAS

ROBERTO VIDAL BOLAÑO

Naceu en Santiago de Compostela no ano 1950.

Ola! Son Roberto Vidal Bolaño.

Os meus pais chámanse Roberto e Carmen e ten unha irmá pequena: María del Carmen.


Con só doce anos traballou como repartidor de pezas de coche.

Estudou primaria e bacharelato.

*Escribiu una extensa obra literaria,
ademais de participar no cine e na televisión.*

Hoxe: Roberto Vidal
Belano falando
da súa famosa
obra:
- Como os chifones
deixaron de soar

María 6^a



*Día das Letras Galegas adicado a:
Roberto Vidal Bolaño*



ENSIÑA AO TEU FILLO A DURMIR

Ultimamente os educadores do centro vimos observando que unha ampla porcentaxe de alumnos e alumnas amosan determinadas condutas que nos fan concluir que **non dormen o tempo suficiente**: bostezos, ollos somnolentos, irritabilidade, nerviosismo, falta de atención e concentración, desgana ante as tarefas escolares, problemas de comportamento,...



O SONO É ESENCIAL PARA A SAÚDE E O DESENVOLVEMENTO DO NENO

MEDIDAS QUE FACILITAN AO NENO

- Realización de rutinas para acostarse.
- Acostar e levantar aos nenos á mesma hora habitualmente.
- Promover a capacidade de dormirse sen a presenza dos pais.
- Realizar actividades relaxantes antes de acostarse.
- Ruido ambiental mínimo.
- Nin famento, nin sobre-alimentado.



DESPERTARES NOCTURNOS:

Necesitan que se lles tranquilece. Sen sobresaltos nin enfados. Se lles calma con susurros e agarimos e sempre de volta a súa cama.

TABLA DE TEMPO DE SONO

IDADE	HORAS DE SONO NOCTURNO
3-6 anos	10-12 horas*
6-9 anos	10 horas*
10-12 anos	9horas*

* aproximadamente.

BIBLIOGRAFÍA-WEBGRAFÍA:

- Frost, Jo. Supernanny. Ed. Planeta. Barcelona 2010.
- <http://www.guiainfantil.com>
- <http://www.niñosfelicesyseguros.com>

SABÍADES QUE :

- Os nenos que dormen mal poden ter incluso problemas de talla porque na fase máis profunda do sono fabricase a hormona do crecemento?
- Durante a noite o noso cerebro fabrica e repara todo o que gastamos ao día seguinte?
- En xeneral os mamíferos pequenos dormen máis que os grandes?
- Non todos os animais necesitan a mesma cantidade de sono?
- Un morcego durme 20 horas diarias?
- Un elefante e unha vaca durmen 4 horas diarias?



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN



Algunhas das nosas actividades







Ola amig@s. Chámome LEO. Son a mascota da Biblioteca do noso Centro, e aínda que quede mal decílo son moi famosa, porque estou en todas partes: na prensa, na Internet, no blog,, nos carnés, nos marcapáxinas.....

Como facemos tantas actividades na BIBLIOTECA, sempre están os PAPANACHÍS sacándome fotos, aínda que debo confesar que a min personalmente iso encántame.

A continuación móstrovos dúas páxinas de gran interese que debedes visitar polo miúdo, nelas sempre se amosan actividades novas.

Chao a tod@s, deica o vindeiro ano.

DISFRUTADE DA NOSA REVISTA

BLOG DA BIBLIOTECA => <http://bibliotecaofogardeleo.wordpress.com/>

WEB MANUEL SUEIRO => <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmanuelsueiro/>

... E tede moi en conta as FROITAS, que neste curso estiveron presentes en moitas actividades.

